

Lobeira, Lobeira, +-1985

Informante: Xaquín Lorenzo Fernández

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth. **Edición:** Francisco Collantes



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICION DO TEXTO

DURACION 0:10:55

INCIPT: HEICHE DE DAR PARA UN MANTO

-
- Enton agora
 - entón poña usté , poña por debaixo esta carpeta. Esta outra tamén ocorre o mesmo tamén é da mesma época e aprendina pola mesma época de maneira que ten certa, tamén ten certa..
 - ya

Heiche de dar para un manto
Heiche de dar para un velo
E non quero que me durmas
Na miña cama de ferro
Na miña camiña nova
Na miña nova camiña
Que rodeada está de amores
De amores rodeadiña

- É moi bonita e esta, xa digo, é tamén vella,
- e tamén da sua zona'
- si, xa digo, eu aprendina alí

- Bueno aqui hai outra que eu coido que é moi conocida,

A miña burriña cando vai ao muiño
Vai enfariñada cheiña de frío
Cheiña de frío e mais de xiada, ai
A miña burriña sempre vai cargada

- Si. E esta outra xa lla din antes

Ardelle o carro, ardelle o eixe
Ardelle o carro aos de Baleixe
Ardelle o carro que eu ben llo vin
Ardelle o carro aos de Marín

- Esto é da costa
- Teño anotada aqui unha pero que non me acordo da música. A choqueira de Redondela.
- si

Ofrecícheme unha tunda
A Choqueira de Redondela
Ofrecícheme unha tunda
E agora veño por ela

- E agora hai esta dos arrieiros

ID#615

- Dos arrieiros, de Ribadavia?
- Si de Ribadavia



Arrieiros de Ribadavia
Van polo Paraño arriba
Mociñas de Vilapouca
Téndelle a carne cocida
Ai a la la la la la



- Efectivamente que, desde Ribadavia tiñan que subir o Paraño e pasan logo por Vilapouca, que Vilapouca está pegado ao sitio ese tan famoso polos gaiteiros, a Soutelo de Montes,

- Pódeme repetir eso do arrieiro?

0:02:45



Arrieiros de Ribadavia
Van polo Paraño arriba
Mociñas de Vilapouca
Téndelle a carne cocida
Ai a la la la la la

- Outra cousa moi curiosa son uns cantares de reies, é o seguinte: son unhos reies, uns cantares de reis castelans pero cunha mezcla tremenda de cousa galega de maneira que resulta unha cousa un pouco incomprendible a letra pero a musica cecais teña tamen unha gran influencia, si non é castelá, unha gran influencia de galego, que eu oína, aprendina porque viñan a cantar os reis. Na época viñan a casa, estaba acendida a lareira, e viñan e aínda ocurriunos unha cousa moi curiosa no ano 1931 que cando se proclamou a república, que chegou a época de Navidá e a xente non se atrevía a saír a cantar os reyes, por aquilo de que xa non había rei, a xente tiña medo de que se metesen con ela. Estábamos entón en Lobeira, miña nai, o meu irmao e eu e claro enterámonos de aquilo e dixemos esto non pode ser porque vánsenos perder os reis, e enton eu tocaba a bandurria, meu irmán tocaba moi ben a guitarra e un veciño noso tocaba a flauta. Chamámolo: - Gerardo, vente con nos! Botámonos... Ao caer o sol botámonos a calle e fomos casa por casa cantándolle nos os reis aos veciños. Cando rematamos, na última casa, viña todo o pobo detrás de nos. Fómonos pra casa e entón empezan a aparecer os que nos viñan cantar a nos . Posto que nos saíamos a cantar era que non había perigo. Viñeron os nenos, logo os mozos, despois as mozas e despois os vellos, viñeron tamén a cantarnos os reies.

- Si si si e así aprendiu
- E así aprendin os reies estes ...

De Oriente salen tres reises
Por iunha estrela enguiados
Por iun niño que ha nacido
Rei de todo lo criado

Entran por Jerusalem
I a todos van perguntando
Por un niño que ha nacido
Rei de todo lo criado

- E non recordo como sigue ...



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- E remata con

Alegría, alegría
Que naceu o neno Diose
Se nos queren dar los reises
Se non se queden con Diose

Ai ...
Alegría, alegría
Que naceu el neno Diose

Porque, a maior parte das veces, alí polo menos, acompañábane cun pandeiro ou cunchas

- Usté se acorda que facía o pandeiro, que ritmo daba o pandeiro?
- Vamos a ver:

Alegría, alegría
Que naceu el neno Diose
Se nos queren dar los reises
Se non se queden con Diose

- E tiña algo de bailable esto
- Non, non, era unha cousa de coro e nada mais
- Si
- Cantaábano a coro pero nada mais, si
- Uns eran de orixen castelán, outros formados no seminario e acostumbrados... de orixen eclesiástico, ...esa transformación, a pérdida da forma galega substituída pola forma castelán.
- - Si eso pode ser
- -esto é o que introduxeron os párrocos sobre todo
- Que collían os rapaces: a ver que vos vou ensinar unhos reies, cantáballe e os rapaces, claro, con aquilo da novedá...
- Pero para min é moi difícil de cantar por que o mérito estaba en prolongar dunha maneira extraordinaria o final. A ver si me acordo

ID#615



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

I alla arriba naquel monte
I alla arriba naquel monte
Iai unha bandera nejra
Ai ai ai
Ai unha bandera nejra
Con un letrado que dice
Aqui mori3 un desgra3ado
Aia ai ai
Aqui mori3 un desgra3ado

No mori3 de enfermidade
No mori3 de enfermidade
Ni tampoco de coidado
Que mori3 dun coquilazo
Que mori3 dun coquilazo
Que su amada le ha pegado
Ai ai ai
Que su amada le ha pejado

- Pois (risas) ao final eran unhos calder3ns de tama3o natural ...
- (risas)
- Mentres aguantaban ...segu3an
- Ya
- E esto cree que entrou polos mozos do serv3cio
- Eu creo que si. Si,eu polo que pod0 xulgar hoxe..
- Total non 3 feo...
- O que pasa 3 que est3.... 3 unha m3sica interpretada a maneira ... a maneira de al3
- E que ten bastante m3rito, me parece
- ...
- E non recordo as3 mais cousas...

La la la, laran la la la...

Segue tarareando con la la la...

- Unha muller de 70, bail3ronnola na lareira... Era un espect3culo imponente ver a aqueles dous. A seriedad3 con que o fac3an.
- Si si..
- Completamente serios, parec3a que estaban desempe3ando un rito .

FIN DO CORTE 04 B A 0:10:55